

**Concello de Lugo****ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN**

ASUNTO: CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRARON MEDIANTE LOTES DUN CAMIÓN CON CISTERNA DE EMULSIÓN ASFÁLTICA E DUN CAMIÓN DISPENSADOR DE GRAVA PARA O PARQUE MÓBIL MUNICIPAL MEDIANTE ALUGAMENTO FINANCEIRO (OPERACIÓN DE LEASING)

Sendo as 13:00 horas do día 7 de marzo de 2012, no salón de comisións do Centro de Servizos Municipais (sito na Ronda da Muralla 197), constitúese a Mesa de Contratación, presidida pola llima Sra Tenenta de Alcalde e Concelleira delegada da área de economía, emprendemento, autónomos e educación, dona Sonia Méndez García, actuando como vocais dona María Esther Muñoz Mella, polo Grupo Municipal Socialista, dona Paz Abaira, polo Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, don Ángel Trabada Gómez polo Grupo Municipal Popular, don Marcial Rodríguez Toajas Interventor xeral do Concello, dona Ana Isabel Sáez Mancebo, titular da asesoría xurídica do Concello, don José Reigosa, xefe do Parque Móbil e actuando como secretario don Manuel Louzao Aldariz, Xefe do servizo de contratación, patrimonio e fomento. Asiste tamén ao acto público don Antonio Astorgamo, como representante da empresa INTURASA

Abre a sesión a Sra Presidenta e procédese por parte do Sr Secretario á lectura do informe técnico emitido polo Xefe do Parque Mobil Municipa. O informe é explicado previamente por parte do autor do mesmo aos membros da mesa, indicando que foi preciso solicitar aclaración aos licitadores para que presentaran a memoria técnica do vehículo ofertado e igualmente informa que no apartado correspondente a "outras melloras" do que non consta no informe a puntuación outorgada a cada unha das empresas, esta debe ser de 2 puntos para a proposición presentada por COMERCIAL RAFAEL e 0 puntos para a proposición presentada por INTURASA. As puntuacións acadadas polas dúas empresas nos tres apartados serían as seguintes:

	Melloras técnicas	Servizo mantemento	Outras melloras	TOTAL
COMERCIAL RAFAEL	20	15	2	37
INTURASA	20	15	0	35

CONTRATACIÓN
MLA/rdi
Ref: CAMIÓN LEASING
Asunto: acta lectura informe técnico e apertura oferta económica

Procédese a continuación á apertura da ofertas económicas co seguinte resultado:

- COMERCIAL RAFAEL, S.L:
 - * prezo Lote 2: 94.999,99 € IVE incluído
 - * prezo ofertado pola adquisición do vehículo municipal usado: 6.500 € TVE incluído
 - * prazo de entrega: 75 días na turáis
 - * Dossier características técnicas.

- INTURASA:
 - * prezo Lote 2: 93.692 € IVE incluído
 - * prezo ofertado pola adquisición do vehículo municipal usado: 8260 € IVE incluído
 - * prazo de entrega: 88 días naturais

- BBVA:
 - .Tipo de xuro: euribor anual + 4,00% .
 - Comisión de apertura: 0,50 % .
 - Simulación operacións leasing

- LA CAIXA:
 - . Tipo de xuro: euribor a un ano: + 3.35% .
 - Simulación operacións leasing

Á vista das proposicións, os membros da Mesa acordan por unanimidade, por unha banda declarar deserto o concurso convocado para a subministración do Lote 1, por non haberse presentado ningunha oferta de subministración para o mesmo, así como excluir a entidade financeira BBVA por superar o tipo de xuro establecido no prego de condicións e quedar pendente a elaboración da proposta de adjudicación para a subministración do Lote 2 ata a celebración dunha próximo mesa de contratación.

Sen mais que manifestar, conclúese co asunto de referencia ás 13:20 horas no lugar sinalado no encabezamento.

A PRESIDENTA

O SECRETARIO

Asdo.:


